

INFORMACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE VODAS CIVÍS

FORMA DE INICIACIÓN

Iníciase o expediente no Xulgado de Paz/Rexistro Civil do lugar onde estean empadroados calquera dos dous contraentes.

TRAMITACIÓN NO XULGADO DE PAZ DE VILABOA

Dirección: Casa do Concello, baixo (entrada pola porta lateral esquerda)

Teléfonos: 986 708 215 / 986 708 252

Horario: de luns a venres de 09:00 a 10:30 horas

Deberase aportar a seguinte documentación:

- Impreso cumprimentado (facilítao o Xulgado de Paz)
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte de cada contraente
- Certificación literal de nacemento de ambos, expedido polo Rexistro Civil do lugar de nacemento
- Volante de empadramento acreditativo da residencia dos dous últimos anos de cada contraente, expedido polo concello correspondente
- Declaración xurada do estado civil dos solicitantes (facilítaa o Xulgado de Paz)
- Fotocopia do DNI das testemuñas (non teñen que ser os mesmos da voda)

Outros documentos:

- Se algún contraente estivo casado anteriormente:
 - Certificación literal do anterior matrimonio na que deberá constar a disolución do mesmo, expedida polo Rexistro Civil do lugar do matrimonio.
- Se algún contraente está viúvo, ademais:
 - Certificación literal de defunción do cónxuxe falecido, expedido polo Rexistro Civil do lugar de defunción
- Se algún contraente é estranxeiro:
 - Certificación na que conste que reúne os requisitos para contraer matrimonio e que non existe impedimento ningún para isto (solicítase no Consulado máis próximo do seu país en España)

Notas:

- Se algún contraente residiu en poboación de menos de 25.000 habitantes
 - Publícase edicto durante 15 días
 - Deberán comparecer con UNHA TESTEMUÑA maior de idade
- Se algún contraente residiu en poboación de máis de 25.000 habitantes
 - Non se publica edicto
 - Deberán comparecer con DÚAS TESTEMUÑAS maiores de idade
- Os documentos estranxeiros deberán estar traducidos ao español e legalizados. Hai tres formas de legalización
 - *A Apostilla de La Haya*, que se fai no país do documento
 - Polo Consulado Español no país do documento ou o Ministerio de Asuntos Exteriores de España
 - Polo Consulado do país en España
- A tramitación do expediente pódese demorar arredor de **DOUS MESES**, salvo incidencias

AO TRAMITAR O EXPEDIENTE PÓDESE OPTAR POR CELEBRAR O MATRIMONIO:

1. NO XULGADO DE PAZ (REXISTRO CIVIL)

2. NO CONCELLO

TRAMITACIÓN NO CONCELLO DE VILABOA

Cando se elixe a opción de celebrar o matrimonio no Concello:

- Formalizar a reserva da data de casamento no Rexistro Xeral do Concello e pagar a taxa:50 €
- Hai que achegar copia dos DNI ou documento similar das testemuñas (2) e concretar datos da voda (participación de invitados, ou calquera dúbida que se lle suscite aos contraentes sobre a celebración da mesma)
- O modelo de reserva encóntrase na sede electrónica do Concello de Vilaboa para a súa tramitación mediante sinatura/certificado electrónico; ou ben
- Na páxina do concello: www.vilaboa.org, na que se pode descargar o modelo en PDF e presentalo a través de calquera dos medios admitidos en dereito (presencial, correo...)

O matrimonio pódese celebrar o alcalde ou calquera concelleiro, polo que, se a data estivese ocupada, ou fose vontade dos contraentes, este tamén o pode delegar nun concelleiro

LIBRO DE FAMILIA

Recóllese no Xulgado de Paz a partir dos quince días despois da celebración da voda.